

AO SUBDIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

Na reunión da Mesa Sectorial do pasado martes 24 de outubro tratouse a modificación do Anexo da Orde que regula os centros catalogados como de especial dificultade. No debate trasladámoslle desde a CIG-Ensino que, no Anexo que se incorporaba como proposta, había erros ao non se incorporar nel centros que xa figuraban na corrección de erros da Orde do 18 de outubro de 2010, publicada o 19 de novembro de 2010, ou non ter en conta centros que na actualidade contan con aulas específicas de EE.

Nesa Mesa comprometémonos a facilitarlle unha relación deses centros. Unha vez contrastada a información, reclamamos que se incorporen nese Anexo os centros que a seguir se relacionan:

Centros con aula específica no catálogo e que funciona na actualidade: CEIP Calvo Sotelo (O Carballiño), CEIP A Ponte (Ourense), CPI José García García (Ourense).

Centros con aula específica habilitada e que funciona na actualidade: CEIP Padre Feijóo (Allariz), CPI Antonio Faílde (Coles), CEIP de Mariñamansa (Ourense), CEIP Ben-Cho-Shey (O Pereiro de Aguiar), CEIP Tomás de Lemos (Ribadavia), CEIP Fonte Escura (Vigo), CEIP Seis do Nadal (Vigo), CEIP de Carnota (Carnota).

Entendemos que estes centros deben figurar nesa relación e que, tal e como lle trasladamos na Mesa, se debe garantir que a puntuación por ter destino nos novos centros incorporados no Anexo se faga efectiva desde o momento no que as aulas comezaron a funcionar como tales e non desde a publicación da orde que agora renova ese Anexo.

Por outro lado instamos á Consellaría a considerar ben agora mesmo, se estamos en prazo para que a publicación da Orde teña efectos neste concurso de traslados, ou ben nun momento posterior, a consideración como centros de especial dificultade doutros centros que, por exemplo, son de escolarización preferente de alumnado con discapacidades (motóricos, etc..) ou daqueles que atenden elevadas porcentaxes de alumnado inmigrante ou de minorías étnicas e que desde os propios centros veñen demandando esa consideración.

Un saúdo,

Compostela, 30 de outubro de 2017



Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 30/10/2017 13:11:28

ENTRADA 154855 / RX 2664149



DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS
CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U.
EDIFICIO ADMINISTRATIVO SAN CAETANO. SANTIAGO DE COMPOSTELA